

Santiago, 14 de maio de 2009.

Sr. Presidente da Xunta de Galiza:

Achegámoslle as resolucións de 356 Equipos de Normalización Lingüística de centros de ensino público que manifestan o seguinte:

1. A situación lingüística de Galiza é unha situación de **diglosia**, tal e como teñen ditaminado todos os estudos científicos realizados para establecer a situación do galego. Isto quere dicir que a lingua propia de Galiza está nunha situación de inferioridade en canto ao seu uso e consideración respecto da lingua que é identificada como lingua de prestixio e poder, que no noso caso é o español. Esta conclusión científica non foi rebatida, porque, evidentemente, non foi superada.
2. Todas as normas coas que Europa se ten dotado sobre a situación das linguas desfavorecidas nos seus territorios propios, establecen que deben ser promovidas e potenciadas co obxecto de modificar a súa consideración social e incrementar o seu uso para convertelas en linguas plenamente vivas e garantir o seu futuro e pervivencia ao promover o seu emprego entre as xeracións máis novas.
3. O Consello de Europa ten ditaminado a importancia de manter e cumprir a lexislación actual da lingua galega, a saber: Lei de Normalización Lingüística, Plan Xeral de Normalización e Decreto 124/07. Ao mesmo tempo recomendoulle á Administración educativa que puxese os mecanismos necesarios para cumprir esa lexislación e que ampliase o uso do noso idioma no ensino para garantir o cumprimento do PXNL en todos os ámbitos.
4. De todo o anterior dedúcese que, non só cumpre manter e cumprir a lexislación en vigor sobre o uso da nosa lingua propia, senón que mesmo cumpriría ampliar esa normativa para que fose máis garantista na protección do galego. Por este motivo non podemos entender, nin aceptar, que o presidente de todas as galegas e galegos, anuncie reiteradamente que derrogará o Decreto 124, explicitando que non o fai para mellorar a súa aplicación e incremento, senón para que haxa nenos e nenas que, porque o decidan seus pais, non teñan acceso á mesma formación en galego có resto do alumnado. Por outro lado, debemos ter en conta que ese Decreto non é máis que a concreción no ensino do PXNL, aprobado por unanimidade no Parlamento, e que contou co voto favorábel do novo presidente da Xunta.
5. Unha medida dese tipo sería contraria non só ás conclusións científicas senón que significaría unha involución inaceptábel que nos conduciría á extinción do noso idioma. Unha medida regresiva que desfaría todo o traballo realizado con esforzo e voluntarismo polo profesorado galego durante anos e anos e que podería dar lugar á discriminación do alumnado por razón de lingua.

**Por todas estas consideracións reclamamos que se manteña a lexislación vixente, que se cumpra e que se protexa e promocióne o noso idioma activamente, como conclúen os estudos sociolingüísticos en vigor, que establecen con claridade que a única lingua desfavorecida en Galiza é a súa propia, o galego.**

Anxo Louzao Rodríguez  
Secretario Nacional da CIG-Ensino